

IV

2021-2024

PLAN PARA A IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES



Concello de **Brión**
www.concellodebrion.gal

Casa do Concello: 981 887 006

Departamento de Servizos Sociais: 981 887 001

Centro de Saúde: 981 887 701 / 981 887 702

Garda Civil: 981 887 011

Xulgado de Paz: 981 887 271

Atención a Víctimas de Violencia de Xénero: 016 /

016-online@igualdad.gob.es

Teléfono da Muller: 900 400 273

IV PLAN PARA A IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES 2021-2024



Concello de Brión
www.concellodebrion.gal



Escanea
coa cámara
do móbil

PDF do IV
PIOM na web



IV

2021-2024

PLAN PARA A IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES

Promove, coordina e financia:

Concello de Brión

Realiza:  edesga



Concello de **Brión**
www.concellodebrion.gal

ÍNDICE

SAÚDO DO ALCALDE	7
INTRODUCCIÓN	9
DIAGNOSE	15
ESTRUTURA E CONTIDOS	
1-Educación en igualdade	33
2-Emprego, formación e empoderamento	37
3-Conciliación e corresponsabilidade	41
4-Benestar e conciliación social	43
5-Eradicación da violencia de xénero	47
SEGUIMENTO E AVALIACIÓN	53

SAÚDO DO ALCALDE

A igualdade entre mulleres e homes é un dereito fundamental das persoas, mais para que se cumpra non é suficiente con que se recoñeza legalmente, senón que se debe promover e exercer en todos os eidos da vida.

Nos últimos anos as distintas administracións públicas veñen traballando por implantar medidas a prol dunha igualdade real, e, o Concello de Brión, como a esfera de goberno máis próxima á poboación, levou a cabo moitas iniciativas para promover unha sociedade verdadeiramente igualitaria. Así, e ao abeiro dos anteriores plans de igualdade, abordáronse medidas que buscaban unha mellor conciliación dos tempos, fomentar a corresponsabilidade e a coeducación, así como loitar contra a violencia de xénero en todas as súas manifestacións.

Aínda así, tamén somos conscientes de que o camiño para lograr unha igualdade real é longo, e aínda queda moito quefacer, polo que é necesario seguir traballando diariamente para lograr que as mulleres se poidan inserir en tódolos eidos e se superen as discriminacións que aínda persisten na sociedade actual.

Polo tanto, promovemos dende esta Administración un novo Plan de Igualdade, o IV, que parte da avaliación do Plan de Igualdade anterior así como da colaboración de diversos axentes sociais e que se presenta como unha ferramenta adaptada ó noso propio contexto, ás nosas necesidades e problemáticas concretas.

Este IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes, que estará vixente entre os anos 2021 e 2024, será unha ferramenta para loitar contra as desigualdades e para erradicar a violencia de xénero, e sumará esforzos co fin de acadar unha mellora da convivencia e unha sociedade máis igualitaria e xusta.

Pablo Lago Sanmartín
Alcalde do Concello de Brión

INTRODUCCIÓN

ESTRUTURA E METODOLOXÍA

○ **IV PIOM do Concello de Brión** orixínase no fondo compromiso da súa veciñanza e dende as institucións do municipio pola igualdade efectiva entre as mulleres e os homes. Esta cuarta edición do Plan quere aproveitar a experiencia adquirida nos últimos anos, seguir pola senda dos logros acadados mais, sobre todo, afondar na loita contra as desigualdades que aínda seguen a atoparse acochadas ou invisibilizadas na nosa sociedade.

Dende este punto de partida, o IV PIOM toma como principal obxectivo a erradicación da lacra social da violencia machista, procurando ofrecer recursos ás mulleres e fortalecer a prevención dende tódolos eidos sociais.




A educación, o mercado de traballo, a xuventude ou o reparto equitativo dos coidados son algúns dos ámbitos de intervención máis importantes para contribuír á construción dunha sociedade na que mulleres e homes podan vivir sen sufrir medo ou desigualdade por razón de sexo.

O ámbito sociocomunitario ten un protagonismo central na consecución destes obxectivos, favorecendo, grazas a elo, unha abordaxe integral da intervención e unha maior eficacia das medidas deseñadas no presente Plan. A loita contra a violencia machista esíxenos, como sociedade, un consenso social inquebrantable, que faga saber ás mulleres que non están soas e, aos maltratadores, que a súa violencia non ten cabida no noso Concello.

A elaboración do Plan parte dunha avaliación exhaustiva do III PIOM do Concello, que nos permite coñecer aquelas áreas ou aspectos que requiren aínda un maior esforzo, mentres que tamén nos amosan aquelas cuestións que foron máis efectivas que poden reaproveitarse para o

desenvolvemento do novo Plan. Isto complementábase cunha análise cuantitativa das principais fontes estatísticas secundarias, para recoller a situación demográfica, económica, social e laboral de Brión, así como da información cualitativa proporcionada polos axentes sociais.

Unha vez rematada a análise deste conxunto de información, deséñase un plan de medidas de intervención que constitúen o núcleo derradeiro do IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes vixente para os vindeiros anos, de 2021 a 2024.



DIAGNOSE



DIAGNOSE


DEMOGRAFÍA

O encaixe das medidas recollidas no IV PIOM do Concello de Brión non só ven dado pola avaliación do plan anterior e polo contacto directo cos axentes sociais implicados, senón que ten que ter unha base sólida na realidade social e económica do noso Concello.

Para elo é imprescindible analizar polo miúdo os datos das principais fontes estatísticas (coma o INE, o IGE ou o Instituto Galego das Cualificacións), a partir das que poderemos sinalar con maior precisión os problemas e desigualdades que seguen a ser invisibilizadas pola sociedade, e as actuacións que procuren paliarlas ou reconducilas cara á igualdade.

O Concello de Brión destaca pola súa recente evolución demográfica, que vai ao contrario, practicamente, da súa provincia e mesmo de Galicia, xa que nos últimos anos a súa poboación creceu case un 9%, principalmente grazas ó seu saldo migratorio positivo. Entre 2009 e 2019 pasou de 7.205 persoas ata as 7.837. Este crecemento é continuado dende 2013, aínda que Brión xa viña de gañar poboación dende moito antes, e en 2009 amosaba tendencias positivas.

Evolución recente da poboación de Brión (2009-2019)




Sen embargo, este crecemento é parello a unha concentración nas parroquias máis urbanas do Concello, ou mesmo exclusivamente de Os Ánxeles e Brión, que creceron nesta última década un 23,2% e un 19,1% respectivamente. O resto de parroquias, agás Bastavales, perderon poboación, destacando especialmente Ons, que perdeu máis dun 25% nos últimos 10 anos.

É moi destacable o proceso de concentración de poboación nas parroquias urbanas, un fenómeno estendido no resto de Galicia, pero que no caso de Brión maniféstase cunha especial forza, xa que dúas parroquias recollen máis do 60% da poboación total, unha tendencia que moi probablemente afondará nos próximos anos.

O saldo migratorio (a diferenza entre as persoas que chegan ao municipio e as que saen del) é unha das fontes de crecemento poboacional de Brión. Isto é así grazas á inmigración interna ou de poboación xa residente en Galicia, que representou de forma ininterrompida máis do 75% do total da inmigración que recibe Brión. Desta inmigración interna, máis do 85%, en promedio, procedeu da mesma provincia da Coruña, e preto dun 70% procedía da mesma comarca.


Saldo migratorio (2008-2018)



Aínda que o saldo migratorio sérvenos para coñecer unha das causas do crecemento poboacional no noso Concello, cómpre analizar a súa pirámide poboacional, xa que nos permite coñecer, nunha ollada, a situación actual, pasada e próxima da demografía de Brión. A súa forma aproxímase á de bulbo, que está asociada a unha situación poboacional regresiva, de alto envellecemento e baixa natalidade.


Para o ano 2019, máis dun 27% da poboación tiña 60 anos ou máis, unha porcentaxe practicamente empatada coa que representa a poboación de 30 anos ou menos. Aínda que no volume global trátase dunha poboación equilibrada por xénero, obsérvase un fenómeno habitual nas situacións de esperanza de vida moi alta, como é a acumulación dun maior volume de mulleres nas idades máis altas.

Pirámide de poboación do Concello de Brión (%)



Isto quere dicir que, a pesares do saldo poboacional positivo ou crecente, Brión manifesta os síntomas demográficos das poboacións avellentadas. A evolución da idade media confirma esta tendencia cara ó avellentamento poboacional, e sitúase, para 2019, nos 45 anos para as mulleres e nos 43 para os homes. Estes valores son similares aos que atopamos na comarca, e a súa tendencia está aínda algúns anos por detrás das da provincia da Coruña.


Evolución da idade media en Brión (2009-2019)



Para rematar a análise demográfica, cómpre coñecer os saldos de fecundidade e mortalidade (o chamado movemento natural ou vexetativo da poboación). A partir do último dato dispoñible no IGE, de 2018, vemos que Brión amosa uns valores de natalidade moi semellantes aos da súa provincia e comarca. Neste senso, pódese definir a situación da natalidade no Concello como próxima ou semellante á dos concellos urbanos, nos que a idade media á maternidade supera os 30 anos e non está


garantido o reemprazo poboacional pola vía da natalidade.

Comparativa do número medio de fillos/as por muller




Respecto á mortalidade, Brión amosa uns valores fluctuantes durante a última década. Aínda que entre 2009 e 2013 rexistraba valores máis semellantes aos da provincia que aos da comarca, na actualidade reduciu este valor en case 2 puntos respecto ao comezo da década. Esta tendencia "inversa" respecto á provincia ven explicada polo aumento poboacional do Concello que, ao contar cunha maior poboación, "distribúe" as mortes entre un maior número de persoas e reduce o valor da taxa.


Comparativa da taxa de mortalidade (%)



Tendo en conta esta situación e os valores do movemento natural da poboación, consideramos tamén o indicador de sobreenvellecemento que elabora o IGE, no que recolle o peso da poboación de máis de 84 anos. Neste aspecto vemos que Brión sitúase por enriba dos valores da comarca e da provincia, mesmo aínda que está a gañar poboación grazas á migración intracomarcal, e amosa unha tendencia crecente de sobreenvellecemento, algo que xa víamos nos datos reflectidos na pirámide, no importante peso porcentual das persoas nos tramos máis altos de idade.



Esta evolución é o síntoma dunha situación que deberá tratarse no Concello, como é o coidado das persoas en situación de dependencia, unha tarefa que aínda segue a recaer case de forma exclusiva nas mulleres. Isto resulta nun crecemento da poboación dependente senil, que na última década creceu especialmente no caso dos homes, aínda que seguen a ser moitas máis mulleres ás que chegan a estes tramos de idade.




ECONOMÍA E EMPREGO

Unha vez presentados os fitos da situación demográfica de Brión, é crucial engadir unha caracterización polo miúdo do mercado de traballo no Concello. En canto á contratación, a evolución do período analizado amosa unha importante incidencia da estacionalidade, algo que ven explicado en grande medida polo peso tan importante do sector servizos.

En termos de xénero vemos que a flutuación provocada pola estacionalidade semella "turnarse" na súa incidencia sobre os homes e as mulleres, e déronse períodos dunha maior contratación feminina nos meses fortes do sector


servizos, no verán, seguida por outra subida máis parella en termos de xénero. Por outra banda, cómpre sinalar o profundo efecto da crise da Covid-19 nos contratos iniciais que, como vemos, afectaron a mulleres e homes por igual. Nos datos dos últimos meses rexístrase con bastante claridade o denominado efecto "rebote", no que a contratación estaría a crecer para ambos xéneros con bastante semellanza.



Segundo sectores de actividade e sexo, confirmamos o diagnóstico que estamos a detallar, que é a situación dun maior paro feminino derivado en boa medida pola maior presenza das mulleres no sector servizos, o cal, en moitas ocasións, é precario e está suxeito á estacionalidade. Sen embargo, estes datos tamén están a sinalar outra problemática que deberá abordarse no Concello, sexa mediante impulsos á formación ou con incentivos á equidade na empresa privada. Non só é que o sector


servizos conta cunha maior representación feminina, senón que, pola súa reducida presenza no resto de sectores, semella ser o único no que as mulleres de Brión atopan a entrada no emprego.

Paro rexistrado segundo sexo e nivel de estudos (2019) (%)



A evolución do paro durante os últimos 4 anos mostra unha situación desigual, marcada pola estacionalidade e por un maior índice de paro feminino. Isto ven explicado principalmente polo peso do sector servizos no mercado de traballo de Brión, un sector que, como vemos nas súas flutuacións tanto en termos de altas laborais e de paro, está moi sometido á estacionalidade e que ten unha maior presenza feminina.


Evolución do paro rexistrado (2016-2020)



Atendendo só á evolución do paro feminino, e na comparativa coa comarca e a provincia, vese que, na última década, Brión aproximouse cara a unha maior semellanza cos seus valores. Aínda que durante a maior parte do período o noso Concello acadaba unha porcentaxe de paro feminino menor que a da provincia e da comarca, a partir do 2016 estes valores trocaron cara a unha situación de maior paro entre as mulleres, que segue tendencias semellantes ás das outras entidades.

Esta situación de desigualdade atópase tamén nas pensións de xubilación, xa que a contía media é moi superior no caso dos homes, e cada vez hai unha diferenza maior entre as pensións. Se tomamos en conta o importante volume da poboación que ocupan as mulleres en idade de xubilación na pirámide poboacional do Concello, obsérvase outro risco de precariedade social para as mulleres de Brión, que contan con pensións que non abundan para cubrir os custes medios da vida. Esta situación pode agravarse no caso das persoas dependentes, para as que resulta preciso destinar unha parte da pensión a pagar unha coidadora ou coidador.

Evolución da media da pensión xubilatoria (2016-2020)



VIOLENCIA DE XÉNERO

O Poder Xudicial elabora tódolos trimestres un informe que recolle os datos referidos á violencia de xénero segundo diversas características dos agresores ou das vítimas, a súa relación, ou os delitos e a súa incidencia. Aínda que estes datos non contan cun nivel de desagregación municipal, podemos observar os resultados para o partido xudicial de Negreira, que comprende os concellos de A Baña, Brión, Negreira e Santa Comba. Para o ano 2019, a poboación de todos estes concellos sumaba 27.540 persoas.


En 2019 o número total de delitos contra as mulleres aumentou respecto ao ano pasado. Sen embargo, este aumento podería deberse a cambios no criterio do partido xudicial para rexistrar estes delitos, xa que vemos unha redución ata cero dos delitos tipificados baixo o Artigo 173, mentres que os recollidos no Artigo 153 aumentan en case 14 casos. É dicir, que mentres que o número global subiu pero é moi similar, os delitos concentráronse nunha das dúas posibilidades recollidas polo Código Penal.

Estes delitos diferéncianse fundamentalmente pola continuidade no exercicio da violencia, xa que o 173 pena o exercicio habitual e continuado da violencia, mentres que o 153 recolle especificamente actos puntuais.

Por outra banda, a violencia exercida sobre a muller aparece claramente vencellada ás relacións de parella, xa que ata un 86% de tódolos delitos ocorreron no ámbito afectivo. Un 14% dos delitos foron exercidos por excónxuxes.

Evolución dos delitos de malos tratos Partido de Negreira (2016-2019)				
	2016	2017	2018	2019
Lesións e Malos Tratos, Art. 153 do CP	15	0	11	25
Lesións e Malos Tratos, Art. 173 do CP	10	33	10	0
Total	25	33	21	25

Relación entre vítima e agresor (2019)



Fonte: Elaboración propia a partires dos datos do Consello Xeral do Poder Xudicial

CONCLUSIÓNS DA DIAGNOSE

Afrontar as necesidades do envellecemento poboacional, contribuir a xerar alternativas á estacionalidade laboral e motivar a denuncia temperá

- * Aínda que Brión amosa unha situación de crecemento poboacional, esta débese fundamentalmente á inmigración intracomarcal. Máis aló do crecemento migratorio, a súa estrutura poboacional está avellentada e non garante o reemprazo poboacional pola natalidade.
- * O mercado de traballo amosa unha situación máis difícil para as mulleres. Sendo o sector servizos o máis voluminoso, está tamén máis suxeito á precariedade. É un sector claramente feminizado, o que implica tamén que os seus aspectos negativos, como a estacionalidade, afectan sempre máis ás mulleres.
- * O volume de mulleres nas idades máis altas é moito maior que o dos homes, sen embargo, as contías medias das pensións xubilatorias destas mulleres están case 200€ por debaixo das dos homes.
- * Os delitos por maltrato non amosan unha tendencia ao seu decrecemento, mesmo aumentaron lixeiramente respecto ao último ano. Estas situacións seguen aparecendo claramente vencelladas ao ámbito das relacións afectivas, polo que é importante continuar a labor de prevención cara a erradicación da violencia machista.



ESTRUTURA E CONTIDOS



ESTRUTURA E CONTIDOS

A partir da análise detallada da situación sociodemográfica do municipio e do contacto cos axentes sociais, así como da avaliación do III PIOM, deséñase un novo plan de igualdade estruturado en 5 áreas de acción que recollen un total 31 medidas:

Educación en igualdade

8 medidas para tódolos niveis educativos

Emprego, formación e empoderamento

6 medidas destinadas a seguir promovendo a formación e a competitividade das mulleres de Brión

Conciliación e corresponsabilidade

4 medidas orientadas ao fomento da corresponsabilidade nos coidados

Benestar e concienciación social


7 medidas para o fomento do benestar, da saúde biopsicosocial e para á concienciación cidadá cara á igualdade

Erradicación da violencia de xénero

6 medidas para fornecer a loita pola erradicación da violencia sobre as mulleres


Do III ao IV Plan de Igualdade de Brión

III PIOM de Brión



Tomando en conta os resultados das medidas aplicadas durante o III PIOM e as demandas dos principais axentes sociais, mantéñase unha distribución equitativa das medidas mais cun maior énfase no eido educativo e na loita contra a violencia de xénero.

IV PIOM de Brión



EDUCACIÓN EN IGUALDADE

Área 1

OBXECTIVO XERAL

Educar en igualde dun xeito integral, traballando dende tódolos niveis educativos pola consecución da igualde

MEDIDAS E ACCIÓNS

- 1.1** Continuar desenvolvendo de forma periódica talleres e obradoiros entre o alumnado de primaria e de secundaria nos que se aborden temas como a igualdade, a violencia, a corresponsabilidade, os micromachismos, etc.

Poboación destinataria: Alumnado de primaria e secundaria de Brión

Áreas responsables: Servizos sociais, CEIP Pedrouzos e IES de Brión

Indicadores de avaliación: N° de actividades realizadas, N° de alumnas e alumnos participantes

Periodicidade: Continuada

- 1.2** Traballar e visibilizar cuestións como a violencia, a discriminación por pertenza á LGBTIQ+, a necesidade de empoderarse, etc. a través de dinámicas diversas, inclusivas ou participativas, como a recomendación de obras na Biblioteca, proxeccións, concertos, actividades deportivas, etc. de forma que todos os departamentos do Concello poidan involucrarse.

Poboación destinataria: Mocidade de Brión

Áreas responsables: Biblioteca municipal, Departamento de Cultura, Deportes, Actividades Extraescolares e Música

Indicadores de avaliación: N° de actividades realizadas, N° de persoas participantes

Periodicidade: Anual

- 1.3** Reivindicar o día Internacional da muller e da nena en ciencia desenvolvendo algunha actividade que axude a visibilizar a labor das mulleres ao longo da historia tanto no mundo científico como nos outros eidos tradicionalmente masculinos.

Poboación destinataria: poboación infantil e adolescente

Áreas responsables: Servizos Sociais, Centros educativos

Indicadores de avaliación: N° de actividades realizadas, N° de alumnas e alumnos participantes

Periodicidade: Anual

- 1.4** Levar a cabo un obradoiro sobre prevención do ciberacoso e seguridade nas redes sociais co alumnado do IES de Brión, mediante, por exemplo, o análise de casos de ciberviolencia entre o alumnado ou a través dun videofórum, xa sexa con curtas ou con algunha película ou serie que aborde esta cuestión.

Poboación destinataria: Mocidade de Brión, Alumnado do IES

Áreas responsables: Servizos sociais, Departamento de Cultura, Deportes, Actividades Extraescolares e Música

Indicadores de avaliación: N° de rapazas e rapaces participantes

Periodicidade: Anual

1.5 Levar a cabo actividades dirixidas ao alumnado de infantil que aborden os roles sociais e as profesións a fin de traballar os estereotipos.

Poboación destinataria: Nenas e nenos de educación infantil
Áreas responsables: Centros de educación infantil
Indicadores de avaliación: N° de nenos e nenos participantes
Periodicidade: Anual

1.6 Ampliar os fondos bibliográficos sobre igualdade e coeducación na Biblioteca municipal e difundir os catálogos entre a poboación.

Poboación destinataria: Poboación do Concello de Brión
Áreas responsables: Biblioteca municipal
Indicadores de avaliación: N° de fondos adquiridos
Periodicidade: Continuada

1.7 Continuar colaborando cos centros educativos municipais á hora de abordar actividades que promovan a igualdade de xénero e a loita contra o maltrato e a violencia.

Poboación destinataria: Alumnado dos centros educativos de Brión
Áreas responsables: Servizos sociais, persoal responsable dos Centros Educativos
Indicadores de avaliación: N° de actividades realizadas, N° de persoas participantes
Periodicidade: Continuada

1.8 Difundir as actividades realizadas nas redes sociais e na web do Concello e dos centros, na Revista Altamira, así como na web e/ou redes sociais do Concello.

Poboación destinataria: Mocidade de Brión
Áreas responsables: Servizos sociais, Revista Altamira, Novas Tecnoloxías
Indicadores de avaliación: N° de publicacións en redes sociais, N° de publicacións na Revista Altamira
Periodicidade: Continuada

EMPREGO, FORMACIÓN E EMPODERAMENTO

OBXECTIVO XERAL

Promover a igualdade entre mulleres e homes no acceso ao emprego, á formación e ao emprendemento.

MEDIDAS E ACCIÓNS

2.1

Continuar desenvolvendo cursos de formación dirixidos á mellora da empregabilidade, prestando especial atención á incorporación de módulos que xiren en torno ao manexo das tecnoloxías comúns (smartphones, tablets, redes sociais, etc.).

Poboación destinataria: Poboación de Brión

Áreas responsables: Formación

Indicadores de avaliación: N° de cursos realizados, N° persoas participantes

Periodicidade: Continuada

2.2

Garantir un acceso igualitario aos recursos reservando para mulleres un 50% das prazas nos cursos de formación municipais.

Poboación destinataria: Poboación de Brión

Áreas responsables: Formación e Servizos sociais

Indicadores de avaliación: N° de cursos, N° de persoas participantes
desagregado por xénero

Periodicidade: Continuada

2.3

Facilitar a cesión de espazos municipais a persoas autónomas e a pemes para que poidan dispor de máis recursos para desenvolver as súas actividades.

Poboación destinataria: Pemes e autónomos/as de Brión

Áreas responsables: Emprego

Indicadores de avaliación: N° de actividades realizadas

Periodicidade: Continuada

2.4

Manter e ampliar o sistema de información sobre oferta formativa e de emprego locais, tanto sobre recursos públicos coma privados, empregando todas as vías dispoñibles, como a web, as redes sociais, a Revista Altamira...

Poboación destinataria: Poboación de Brión

Áreas responsables: Servizos sociais, Revista Altamira, Novas
Tecnoloxías

Indicadores de avaliación: N° de publicacións en redes sociais, N° de
publicacións na Revista Altamira

Periodicidade: Continuada

- 2.5** Visibilizar os proxectos de diversas mulleres emprendedoras, buscando traballar o empoderamento e rematar cos prexuízos de xénero, e aproveitando espazos e eventos xa constituídos, como a feira labrega, organizando visitas a proxectos empresariais desenvolvidos por mulleres, etc.

Poboación destinataria: Poboación de Brión

Áreas responsables: Formación e Servizos sociais

Indicadores de avaliación: N° de persoas participantes

Periodicidade: Anual

- 2.6** Empregar a web como plataforma para desenvolver unha campaña continuada pola igualdade laboral inserindo mensaxes ao longo do ano relacionados coa desigualdade laboral, a posición das mulleres na empresa e nas distintas ocupacións, etc.

Poboación destinataria: Poboación de Brión

Áreas responsables: Servizos sociais, Novas Tecnoloxías

Indicadores de avaliación: N° de mensaxes inseridos

Periodicidade: Continuada

CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE

OBXECTIVO XERAL

Favorecer a corresponsabilidade mediante o apoio ás familias de Brión, cun especial énfase na incorporación igualitaria ao mercado de traballo e o reparto equitativo das tarefas de coidados

MEDIDAS E ACCIÓNS

3.1

Continuar ofertando as actividades municipais de verán e inverno para contribuír á conciliación familiar e promover que no seu marco se promovan valores como o rexeitamento da violencia e dos prexuízos por mor do xénero, a corresponsabilidade, etc.

Poboación destinataria: Poboación de Brión

Áreas responsables: Servizos sociais

Indicadores de avaliación: N° de nenas e nenos participantes

Periodicidade: Semestral

3.2

Promover a atención e o apoio ás persoas e familias coidadoras de dependentes. Iniciativas, entre outras, como a atención psicolóxica, os talleres de descanso (ioga, risoterapia, etc.) ou mesmo a xuntanza con outras persoas en situacións similares para contribuir a mellorar a súa calidade de vida.

Poboación destinataria: Persoas e familias coidadoras de dependentes

Áreas responsables: Servizos sociais

Indicadores de avaliación: N° de persoas atendidas, N° de iniciativas relacionadas coas coidadoras

Periodicidade: Continuada

3.3

Organizar, dentro do posible, as diferentes actividades vencelladas ao Plan de Igualdade de forma que favorezan a conciliación e, potencialmente, promovan unha maior participación nelas.

Poboación destinataria: Poboación de Brión

Áreas responsables: Servizos sociais

Indicadores de avaliación: N° de persoas asistentes

Periodicidade: Continuada

3.4

Difundir nas redes sociais, na web do Concello e na Revista Altamira as diferentes actividades de conciliación do Plan, así como recoller posibles convocatorias de axudas para as familias e/ou persoas coidadoras de dependentes.

Poboación destinataria: Poboación de Brión

Áreas responsables: Servizos sociais, Revista Altamira, Novas tecnoloxías

Indicadores de avaliación: N° de publicacións en redes sociais, N° de publicacións na Revista Altamira

Periodicidade: Continuada

BENESTAR E CONCIENCIACIÓN SOCIAL

OBXECTIVO XERAL

Desenvolver accións que favorezan unha vida plena e saudable entre a veciñanza, e fomentar a sensibilización e concienciación social en materia de igualdade entre mulleres e homes.

MEDIDAS E ACCIÓNS

- 4.1** Presentación e difusión do IV PIOM de Brión entre o persoal técnico e político do Concello e entre a veciñanza. Realizar un reparto axeitado de exemplares nos diferentes espazos municipais e darlle difusión a través da web, das redes sociais municipais e da Revista Altamira.

Poboación destinataria: Poboación de Brión

Áreas responsables: Alcaldía, Servizos sociais, Revista Altamira

Indicadores de avaliación: N° de exemplares do PIOM distribuídos, N° de publicacións en redes sociais sobre o PIOM, N° de publicacións na Revista Altamira

Periodicidade: Única e continuada

- 4.2** Realizar unha avaliación do IV PIOM, recollendo a maior información posible das iniciativas realizadas e aportando aquelas melloras e novas accións que sexan máis necesarias de cara ao seguinte Plan de Igualdade municipal.

Poboación destinataria: Poboación de Brión

Áreas responsables: Servizos sociais

Indicadores de avaliación: N° de avaliacións realizadas

Periodicidade: Anual

- 4.3** Levar a cabo actividades e/ou actos para conmemorar as datas singulares pola igualdade, especialmente o 8M e o 25N, nos distintos eidos do Concello. Por exemplo, mediante obradoiros, charlas, concursos ou contacontos, aproveitando os recursos dispoñibles e fomentando a participación da veciñanza e dos diferentes axentes sociais.

Poboación destinataria: Poboación de Brión

Áreas responsables: Servizos sociais

Indicadores de avaliación: N° de actividades levadas a cabo

Periodicidade: Continuada

- 4.4** Promover a organización de charlas ou actividades orientadas á concienciación sobre a vida saudable e á prevención das enfermidades cunha maior incidencia nas mulleres, como o cancro de mama ou a osteoporose. Pódese buscar a colaboración de entidades como o Sergas ou asociacións específicas.

Poboación destinataria: Poboación de Brión

Áreas responsables: Servizos sociais

Indicadores de avaliación: N° de actividades de saúde e benestar realizadas

Periodicidade: Anual e semestral

4.5

Continuar desenvolvendo diversas actividades para a poboación maior de 55 anos do Concello, co obxectivo de favorecer un envellecemento activo e mellorar o benestar biopsicosocial. Aproveitar estas actividades para abordar o tema da igualdade e da prevención da violencia de xénero, para rachar cos prexuízos e estereotipos patriarcais e fomentar o empoderamento feminino tamén nestas franxas de idade.

Poboación destinataria: Poboación de Brión de 55 anos ou máis
Áreas responsables: Servizos sociais
Indicadores de avaliación: N° de actividades de envellecemento activo realizadas
Periodicidade: Continuada

4.6

Publicar ocasionalmente contidos vencellados á igualdade na Revista municipal Altamira. Por exemplo, entrevistas a mulleres destacadas do Concello, guías de linguaxe non sexista ou de prevención dos micromachismos, e sobre todo medios de asistencia e prevención contra a violencia de xénero, coma o 016.

Poboación destinataria: Poboación de Brión
Áreas responsables: Servizos sociais, Revista Altamira
Indicadores de avaliación: N° de publicacións na Revista Altamira
Periodicidade: Continuada

4.7

Difundir as accións levadas a cabo no marco do IV PIOM por tódolos medios dispoñibles, garantido que estea presente nas principais dependencias municipais e nas redes sociais e web do Concello.

Poboación destinataria: Poboación de Brión
Áreas responsables: Servizos sociais
Indicadores de avaliación: N° de publicacións de difusión realizadas
Periodicidade: Continuada

ERRADICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

OBXECTIVO XERAL

Favorecer a prevención, detección e a eliminación da violencia contra as mulleres no Concello, garantido unha atención integral as vítimas e sobreviventes.

MEDIDAS E ACCIÓNS

- 5.1** Promover a creación da Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero no Concello, co fin de formalizar a comunicación e o intercambio continuado coa Comisión de Coordinación Policial, así como as diferentes forzas e corpos de seguridade de tódolos niveis administrativos e cos diferentes axentes sociais do Concello (ANPAs, Centros Educativos, Centros Sociais, Asociacións...).

Poboación destinataria: Poboación de Brión
 Áreas responsables: Alcaldía, Servizos sociais, Garda civil, Policía,
 Responsables dos Centros educativos, ANPAs
 Indicadores de avaliación: N° de reunións realizadas, N° de axentes
 sociais incorporados
 Periodicidade: Continuada

5.2 Manter unha difusión e/ou colaboración continuada e actualizada con respecto ás diferentes campañas de sensibilización e prevención da violencia de xénero realizadas a nivel estatal, autonómico e provincial.

Poboación destinataria: Poboación de Brión

Áreas responsables: Servizos sociais

Indicadores de avaliación: N° de participacións en campañas

Periodicidade: Continuada

5.3 Programar actividades sobre violencia de xénero, acoso e condutas sexistas no IES de Brión, cun énfase especial no problema do ciberacoso. A modo de exemplo, poderían desenvolverse obradoiros ou talleres sobre afectividade igualitaria, detección de micromachismos ou loita contra a discriminación LGTBIfóbica.

Poboación destinataria: Alumnado do IES de Brión

Áreas responsables: Servizos sociais, Responsables do IES de Brión

Indicadores de avaliación: N° de actividades realizadas, N° de estudantes participantes

Periodicidade: Anual

5.4 Potenciar e difundir manifestos contra a violencia de xénero, mediante actividades, concentracións ou actos de rexeitamento nos que a veciñanza poida sensibilizarse e implicarse na loita contra a violencia machista, aproveitando os actos de conmemoración do 25N.

Poboación destinataria: Poboación de Brión

Áreas responsables: Servizos sociais, Asociacións de Brión

Indicadores de avaliación: N° de entidades e/ou persoas asinantes do manifesto, N° de actividades realizadas, N° de persoas participantes

Periodicidade: Anual

5.5

Fornecer a atención integral ás vítimas de violencia de xénero, atendendo tanto a súa saúde (psicolóxica e física), como as súas necesidades en materia de asesoramento sobre os distintos recursos dos que poidan dispoñer.

Poboación destinataria: Mulleres de Brión

Áreas responsables: Servizos sociais

Indicadores de avaliación: N° mulleres atendidas

Periodicidade: Continuada

5.6

Difundir os distintos materiais de sensibilización contra a violencia de xénero nos lugares principais de Brión (no Concello, nos centros educativos, de saúde, asociacións e comercios...) e por tódolos medios dispoñibles, na web e nas redes do Concello e na Revista Altamira. Poñer un énfase especial no 016, nas súas características e funcións, así como na importancia vital da denuncia temperá.

Poboación destinataria: Poboación de Brión

Áreas responsables: Servizos sociais

Indicadores de avaliación: N° de publicacións de difusión realizadas

Periodicidade: Continuada

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN



SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Co obxectivo de garantir unha eficaz posta en marcha do **IV PIOM de Brión** ao longo da súa vixencia, é fundamental manter un correcto seguimento, continuado e exhaustivo, das medidas levadas a cabo, das accións e das persoas participantes, é dicir, do seu alcance e efectividade. A partires deste seguimento o Concello poderá coñecer en "tempo real" o funcionamento do Plan, as medidas que requiren un maior esforzo ou mesmo replantexamentos ante novas situacións sociais nas que o Plan de Igualdade pode chegar a orientar a intervención municipal. Para levar a cabo este seguimento plantéxanse dúas ferramentas de análise:

- * Recollida sistemática dos indicadores de avaliación deseñados para cada medida do Plan, por exemplo, mediante fichas de control.
- * Avaliacións anuais dos resultados das medidas levadas a cabo, por exemplo, mediante memorias de execución.

FERRAMENTAS DE SEGUIMENTO

As **fichas de control** deberían de recoller cousas como: o número de accións levadas a cabo, a cantidade de participantes, as dificultades no desprazamento, os lugares nas que foron realizadas, os axentes implicados e o impacto das medidas nos eidos considerados. Constitúen a fonte principal de indicadores obxectivos de seguimento e éxito do Plan.

Estas ferramentas de seguimento converxen na elaboración da avaliación final do IV PIOM no ano 2024.

Os **informes anuais** recollen os resultados das actividades realizadas no ano e as impresións do persoal de Servizos sociais de tódalas accións levadas a cabo. Partindo desta avaliación decídense as estratexias de reestruturación do Plan, para incidir nas áreas menos desenvolvidas, para dar resposta á alta demanda nalgunha das áreas ou para adaptarse ás novas necesidades que poidan aparecer ao longo do período de vixencia.

FASES DE SEGUIMIENTO

SISTEMA DE AVALIACIÓN

FICHAS + INFORMES
ANUAIS



REESTRUTURACIÓN E CONTINUACIÓN DO PIOM

2022-2023-2024



AVALIACIÓN FINAL DO IV PIOM DE BRIÓN

2024



PREPARACIÓN DO V PIOM

2025

#A VIOLENCIA MACHISTA PARÁMOLA UNIDAS

SE ES VÍTIMA DE VIOLENCIA MACHISTA, LEMBRA:

 **016** - Información. Non deixa pegada na factura.

 **112** - Emerxencias.

 **682916136 / 682508507**

WhatsApp de apoio psicológico.

016 ATENCIÓN A VÍCTIMAS DE
MALOS TRATOS POR VIOLENCIA DE GÉNERO



GOBIERNO
DE ESPAÑA


MINISTERIO
DE IGUALDAD

A violencia machista na sociedade

O maltrato comeza moito antes de que sexa visible para o resto de persoas.



Rompe o círculo do maltrato



A violencia de xénero pode parecer un círculo sen saída, pero non é así.

Se estás nunha situación de violencia, fala, cóntao e recupera a túa vida.

Se sabes ou coñeces unha historia coma esta, o teu silencio pode custarlle a vida.

Se a túa parella ou ex-parella:

- Faite sentir inferior ou ridiculízate
- Tenta illarte das túas amizades ou da túa familia
- Ameázate, humíllate, culpabilízate
- Dache medo
- Revísache o móbil ou as túas redes sociais
- Forzoute ou tenta forzarte a manter relacións sexuais
- Agrédete de calqueira maneira física

**NON o desculpes
nin procures
comprendelo.**

**Cóntao, busca
axuda.**

**O silencio é a
principal vantaxe
dos maltratadores.**

Non esperes ao final da historia, actúa e trócao.

Gratuíto, atención as 24 horas os 365 días do ano.

Derivación urxente e prioritaria ao 112 en casos de perigo. Non deixa rastro na factura, é confidencial e seguro.

016

016-online@igualdad.gob.es